

Código do documento	Código do expediente
USG16I01Y7	USG/2022/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3Z00 5C6K 160P 0W62 1C1Z	

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 2 DE XUÑO DE 2022.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Jéssica Méndez Sánchez

INTERVENTOR ACCIDENTAL:

D. Roberto Babío Fernández

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. Francisco Javier Varela Tejedor

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día dous de xuño do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Jéssica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión o Sr. interventor accidental, D. Roberto Babío Fernández.

Actúa como secretario o Sr. secretario accidental do Concello, D. Francisco Javier Varela Tejedor.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 23 DE MAIO DE 2022.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 23 de maio de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por seis votos a favor (do Sr. alcalde, Rioboo Castro, e dos/as Sres./as concelleiros/as, Pombo Carril, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Seijas González e Méndez Sánchez) e coa abstención do Sr. concelleiro Liñares Gestal e da Sra. concelleira Iglesias Becerra, os cales manifestan que se absteríen por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 23 de maio de 2022.

2.- PROPOSTA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ABPROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN/HA TÉCNICO/A DE TURISMO (APROBADAS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15 DE MARZO DE 2022).

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta do xefe do gabinete técnico conformada pola concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal en data 27 de maio de 2022 (código de documento UPO16I00Z4), relativa á modificación da aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria para a selección dun/ha técnico/a de turismo, que transcrita di:

“PROPOSTA – Modificación convocatoria selección técnica/o de turismo

A Xunta de Goberno local na súa sesión extraordinaria do día 15 de marzo de 2022 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación da convocatoria e das bases específicas da convocatoria para a selección dun técnico/a de turismo.

Código do documento	Código do expediente
USG16I01Y7	USG/2022/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Z00 5C6K 160P 0W62 1C1Z	

Nas citada convocatoria se establece que *“A relación laboral formalizárase mediante un contrato de traballo de carácter temporal por obra ou servizo determinado, con xornada completa.*

A duración deste contrato será de 4 meses.”

Visto o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores reformado segundo o disposto no Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía de estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo desaparece o contrato por obra ou servizo, quedando os contratos de duración determinada reducidos a circunstancias da produción ou á substitución da persoa traballadora coas súas submodalidades. O citado artigo no seu apartado segundo dispón que:

“2. A efectos de lo previsto en este artículo, se entenderá por circunstancias de la producción el incremento ocasional e imprevisible de la actividad y las oscilaciones, que aun tratándose de la actividad normal de la empresa, generan un desajuste temporal entre el empleo estable disponible y el que se requiere, siempre que no respondan a los supuestos incluidos en el artículo 16.1.

Entre las oscilaciones a que se refiere el párrafo anterior se entenderán incluidas aquellas que derivan de las vacaciones anuales.

Quando el contrato de duración determinada obedezca a estas circunstancias de la producción, su duración no podrá ser superior a seis meses. Por convenio colectivo de ámbito sectorial se podrá ampliar la duración máxima del contrato hasta un año. En caso de que el contrato se hubiera concertado por una duración inferior a la máxima legal o convencionalmente establecida, podrá prorrogarse, mediante acuerdo de las partes, por una única vez, sin que la duración total del contrato pueda exceder de dicha duración máxima.

Igualmente, las empresas podrán formalizar contratos por circunstancias de la producción para atender situaciones ocasionales, previsibles y que tengan una duración reducida y delimitada en los términos previstos en este párrafo. Las empresas solo podrán utilizar este contrato un máximo de noventa días en el año natural, independientemente de las personas trabajadoras que sean necesarias para atender en cada uno de dichos días las concretas situaciones, que deberán estar debidamente identificadas en el contrato. Estos noventa días no podrán ser utilizados de manera continuada. Las empresas, en el último trimestre de cada año, deberán trasladar a la representación legal de las personas trabajadoras una previsión anual de uso de estos contratos.

No podrá identificarse como causa de este contrato la realización de los trabajos en el marco de contrata, subcontratas o concesiones administrativas que constituyan la actividad habitual u ordinaria de la empresa, sin perjuicio de su celebración cuando concurren las circunstancias de la producción en los términos anteriores.”

Visto o informe-proposta da xefa de Servizo de Dinamización, Formación e Emprego do día 23 de maio de 2022, código documento número UPE16I001Y, no que propón que se proceda dende o Servizo de Persoal a continuar co proceso selectivo para a contratación dun/dunha técnico/a de turismo por un período de 90 días para atender a oficina de información turística xa que segundo o disposto no citado informe estamos ante unha situación ocasional, previsible e cunha duración determinada aos efectos de proceder á contratación do/a técnico/a para a atención da oficina de turismo ao abeiro da subvención da Deputación da Coruña.

Por resolución do alcalde do 18 de xuño de 2019, acordouse a delegación na Xunta de Goberno Local da atribución para a aprobación das bases das probas para a selección do persoal.

Código do documento	Código do expediente
USG16I01Y7	USG/2022/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Z00 5C6K 160P 0W62 1C1Z	

De acordo con anterior, proponse á Xunta de Goberno Local, a modificación da aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria para a selección dun/ha técnica/o de turismo, de acordo co seguinte detalle:

PROBAS SELECTIVAS, TÉCNICA/O DE TURISMO.

CONVOCATORIA

Convócase proceso selectivo, para a provisión, con carácter de urxencia e de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición, dun/ha técnica/o de turismo.

A contratación dos/as candidatos/as seleccionados/as estará supeditada á concesión da citada subvención por parte da Deputación Provincial da Coruña.

A relación laboral formalizarase con xornada completa, mediante un contrato de traballo por circunstancias da produción por situacións ocasionais, previsibles e que teñen unha duración reducida e delimitada.

A duración deste contrato será de 90 días.

A retribución será a establecida no artigo 48 do Convenio colectivo do Concello de Culleredo.

No caso de que a o/a aspirante seleccionado/a posúa algunha das titulacións de grao, licenciatura ou diplomatura das esixidas no punto 1.2 desta convocatoria corresponderanlle as retribucións do grupo I-b.

No caso de que o/a aspirante seleccionado/a posúa algunha das titulacións de técnico das esixidas no punto 1.2 desta convocatoria corresponderanlle as retribucións do grupo II.

A convocatoria e as bases da convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello(www.culleredo.es), e anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

BASES DA CONVOCATORIA

1. Requisitos dos/das candidatos/as

Para ser admitidos/as no proceso selectivo, os/as aspirantes terán que reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

1.1. Nacionalidade. Cúmrese este requisito nos seguintes casos:

- a) Ser español/a.
- b) Ser nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais Estados Membros da Unión Europea, e, cando así o prevexa o correspondente Tratado, o dos nacionais dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que viva a súas expensas.
- d) Así mesmo poderán participar os que non estando incluídos nos parágrafos anteriores se encontren en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que lles habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ó mercado laboral. En consecuencia, poderán participar os que se encontren en situación de residencia permanente, os que se encontren en situación de autorización para residir e traballar, así como os refuxiados.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG16I01Y7	USG/2022/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Z00 5C6K 160P 0W62 1C1Z	

1.2. Titulación. Estar en posesión, ou en condicións de obtelo, dalgún dos seguintes títulos:

- Técnico/a superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente
- Técnico/a en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente
- Grao ou diplomatura en Turismo ou equivalente homologado
- Dobre grao en Ciencias Empresariais e Turismo
- Grao ou licenciatura en Historia da Arte
- Grao ou licenciatura en Humanidades
- Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio
- Grao ou licenciatura en Historia

1.3. Capacidade legal: Ter capacidade para contratar a prestación do seu traballo, de acordo co previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores.

1.4. Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

1.5. Habilitación: Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

C.I.F. P-1503100-H

2. Solicitudes

2.1. Os/as interesados/as en tomar parte neste proceso selectivo terán que facelo constar en instancia, segundo o modelo do anexo, que se facilitará na páxina web do Concello (www.culleredo.es).

2.2. Para poder ser admitido/a no proceso selectivo, deberá presentar orixinal ou copia da seguinte documentación:

- Documento nacional de identidade ou acreditación do requisito de nacionalidade.
- Título ou acreditación do requisito de titulación.
- Relación pormenorizada dos méritos que se aleguen para avaliar na fase de concurso, e fotocopia dos documentos xustificativos. No concurso non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias. (base 5.1)
- Memoria (base 5.2)

2.3. O prazo para a presentación das solicitudes será de cinco días hábiles, desde o seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

2.4. A presentación de solicitudes poderá realizarse no Rexistro xeral do Concello de Culleredo ou en calquera das formas establecidas no artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O horario do Rexistro xeral do Concello de Culleredo é de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

2.5. Dada o carácter urxente da convocatoria, a presentación das instancias por calquera outro medio distinto ao da presentación no Rexistro xeral do Concello de Culleredo, debe ser comunicada vía correo electrónico dirixida á dirección persoal@culleredo.es.

3. Admisión dos/das aspirantes

Código do documento	Código do expediente
USG16I01Y7	USG/2022/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Z00 5C6K 160P 0W62 1C1Z	

3.1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, o alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a ditará resolución na que se declarará aprobada a lista provisional dos aspirantes admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.culleredo.es).

3.2. Prazo reclamacións. Os/as aspirantes non admitidos/as disporán dun prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.culleredo.es), co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión. Dada o carácter urxente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao da presentación no Rexistro xeral do Concello de Culleredo, debe ser comunicada vía fax (número 981 – 677646).

3.3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións, o alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.culleredo.es). A admisión do/da aspirante e a súa inclusión na lista definitiva de admitidos e excluídos, queda condicionada ao cumprimento dos requisitos esixidos. Polo tanto, a comprobación en calquera momento do proceso, do non cumprimento dos requisitos esixidos conlevará a exclusión do/da aspirante.

4. Comisión da avaliación

4.1. A Comisión de valoración estará composta polos seguintes membros:

- Presidenta/e (titular e suplente): Funcionaria/o dos grupos A1/ A2 ou Persoal laboral fixo grupos I-a / I-b.
- Vogais (3 titulares e 3 suplentes): Funcionaria/o dos grupos A1/ A2 ou Persoal laboral fixo grupos I-a / I-b.
- Secretaria/o. Titular: Funcionaria/o dos grupos A1/ A2 ou Persoal laboral fixo grupos I-a / I-b.

4.2. A composición nominativa da comisión de valoración (titulares e suplentes) determinarase na mesma resolución pola que se aprobe a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

4.3. Os membros da comisión de valoración terán que absterse de intervir, notificando esta circunstancia ao alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou se encargaran das tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O/a alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a poderá solicitar dos membros da comisión de valoración declaración expresa de non atoparse incurso na obriga de abstención regulada nesta base.

Os/as aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de valoración cando concorran as circunstancias de abstención reguladas nesta base.

4.4. A comisión de valoración non poderá constituírse sen a presenza, polo menos, do/a presidente/a, o/a secretario/a e un/unha vogal.

4.5. Todos os membros da comisión de valoración terán voz e voto. A comisión de valoración queda autorizada para resolver cantas dúbidas poidan presentarse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e a normativa aplicable. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.

5. Proceso selectivo

O proceso selectivo efectuarase polo sistema de concurso-oposición, de acordo co seguinte detalle:

5.1 Fase de concurso (máximo 10 puntos)

Código do documento	Código do expediente
USG16I01Y7	USG/2022/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 3Z00 5C6K 160P 0W62 1C1Z	

5.1.1. Cursos de especialización, en centros oficiais ou homologados, relacionados co sector turístico (ata un máximo de 3 puntos):

- Máster ou posgrao:.....0,50 puntos.
- Cursos de 100 horas ou máis:.....0,30 puntos.
- Cursos de 50 a 99 horas:0,20 puntos.
- Cursos de 20 a 49 horas:..... 0,10 puntos.

5.1.2. Cursos de idiomas (ata un máximo de 3 puntos):

- Coñecemento do idioma inglés ata un máximo de 1,5 puntos:

- a) Nivel usuario básico.- Nivel A 1: 0,25 puntos; Nivel A 2: 0,5 puntos
- b) Nivel usuario independente.- Nivel B 1: 0,75 puntos; Nivel B 2: 1 punto
- c) Nivel usuario competente.- Nivel C 1: 1,25 puntos; Nivel C 2: 1,5 puntos.

O nivel acreditarase mediante título expedido, e no seu caso homologado, por organismo competente; só se valorará o nivel máis alto e a puntuación outorgada ao nivel superior exclúe a outorgada ao curso inferior.

- Coñecementos doutros idiomas, ata un máximo de 1,5 puntos:

- a) Nivel usuario básico.- Nivel A 1: 0,25 puntos Nivel A 2: 0,5 puntos
- b) Nivel usuario independente.- Nivel B 1: 0,75 puntos; Nivel B 2: 1 punto
- c) Nivel usuario competente.- Nivel C 1: 1,25 puntos; Nivel C 2: 1,5 puntos.

O nivel acreditarase mediante título expedido, e no seu caso homologado, por organismo competente; só se valorará o nivel máis alto e a puntuación outorgada ao nivel superior exclúe a outorgada ao curso inferior.

Os diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos deberán expresar, con suficiente claridade, a súa duración en horas e o seu contido básico.

5.1.3. Pola posesión do carné de Guía Turístico Especializado de Galicia: 1 punto.

5.1.4. Experiencia profesional como técnico/a de turismo (ata un máximo de 3 puntos):

- Na Administración Pública 0'20 puntos por cada mes completo.
- Na empresa privada: 0,10 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación da seguinte documentación:

- Experiencia na administración pública: Certificado de servizos prestados emitidos pola Administración correspondente.
- Experiencia na empresa privada: Informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, xunto con documentación acreditativa que especifique o posto de traballo ou funcións desenvolvidas (nómina, contrato, certificado empresa, etc).

5.2.-Fase de oposición (A memoria e a súa defensa serán avaliadas de xeito conxunto sobre un máximo de 15 puntos.)

Código do documento	Código do expediente
USG16I01Y7	USG/2022/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Z00 5C6K 160P 0W62 1C1Z	

De carácter obrigatoria e eliminatoria.

* **Memoria:** Elaboración dunha memoria, que deberá presentarse dentro do prazo de presentación de instancias, coas seguintes características: extensión non superior a 10 folios, formato A4, que versará sobre una proposta de organización e funcionamento dunha oficina de turismo en Culleredo para un período de 90 días.

* **Defensa da memoria:** Na que se procederá á defensa da memoria por parte do/a aspirante e na que a Comisión de Valoración poderá facer todas as preguntas que considere oportunas para constatar os coñecementos sobre a materia e as aptitudes do/a candidato/a para poder proceder posteriormente a súa avaliación.

6. Desenvolvemento do proceso selectivo

6.1. A puntuación final de cada aspirante estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas en cada apartado do concurso-oposición. A Comisión de Avaliación publicará na paxina web do Concello (www.culleredo.es) o resultado do concurso-oposición, ordenando aos aspirantes por orde de puntuación. No caso de producirse empate na puntuación final, a orde na relación farase de acordo cos seguintes criterios de aplicación sucesiva no caso de persistir o empate: maior puntuación na fase de oposición, maior puntuación no apartado de experiencia profesional da fase de concurso; maior puntuación no apartado posesión do carné de guía turístico especializado de Galicia; maior puntuación no apartado cursos de especialización relacionados con sector turístico. Se persistira o empate a orde establecerase por orde alfabética do primeiro apelido, dando comezo pola letra que resulte do último sorteo anual que no ámbito da Administración Xeral do Estado, efectúa a Secretaría de Estado para a administración pública.

7. Presentación de documentación e resolución de contratación

7.1. O/a candidato/a seleccionado terá que presentar no Concello de Culleredo, dentro dos tres días hábiles a partir da publicación da lista co resultado do proceso na páxina web, para poder ser contratado como persoal laboral temporal, os seguintes documentos:

- Orixinal ou fotocopia compulsada acreditativa do cumprimento dos requisitos de nacionalidade e titulación.
- Certificado médico, no que se acredite non estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto.
- Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.
- Orixinais ou fotocopias compulsadas da documentación acreditativa dos méritos alegados.

7.2. O/a candidato/a seleccionada/o será contratada/o previa resolución do alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a.

7.3. Se non se presentase a documentación ou do exame da mesma se observase que se carece dalgún dos requisitos sinalados na base cuarta, non poderá procederse a súa contratación e quedarán anuladas a súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tiveran incorrido por falsidade na solicitude inicial.

7.4. No caso de que a/o candidata/o seleccionada/o non poda ser contratada/o por non ter presentado a documentación requirida, ou no caso de que o posto quedara baleiro antes da finalización da actividade, poderase proceder de acordo co establecido nesta base á contratación doutro aspirante, seguindo a orde do proceso selectivo de acordo coa relación de aspirantes publicada pola Comisión de avaliación na paxina web do Concello (www.culleredo.es).

8. Base final

C.I.F. P-1503100-H

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación da Comisión de Avaliación poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do xefe do gabinete técnico conformada pola concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal en data 27 de maio de 2022 (código de documento UPO16I00Z4), resultando aprobada por unanimidade.

3.- PROPOSTA RELATIVA Á CORRECCIÓN DUN ERRO MATERIAL NA APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2021.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta do xefe do gabinete técnico conformada pola concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal en data 31 de maio de 2022 (código de documento UPO16I00ZU), relativa á corrección dun erro material na aprobación da oferta de emprego público para o ano 2021, que transcrita di:

“PROPOSTA - Corrección erro material aprobación erro oferta de emprego público para o ano 2021 e aprobación da oferta de emprego público complementaria para o ano 2021

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 9 de decembro de 2021, aprobou a oferta de emprego público para o ano 2021 e aprobación da oferta de emprego público complementaria para o ano 2021, publicándose no Boletín Oficial da Provincia o día 22 de decembro de 2021, BOP número 242.

Vista a Relación de Postos de Traballo en vigor, aprobada definitivamente na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 29 de xullo de 2021 (BOP núm. 175 do 14 de setembro de 2021) advírtese un erro material na oferta de emprego público para o ano 2021.

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que: “*Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.*”

De acordo con anterior, proponse á Xunta de Goberno Local, a corrección da oferta de emprego público para o ano 2021, de acordo co seguinte detalle:

Onde di:

Denominación praza	Tipo de vínculo xurídico	Grupo	Número prazas ofertadas	Observacións
Arquitecto/a	<i>Persoal funcionario – escala administración especial – subescala técnica – clase técnica superior</i>	A1	1	
Enxeñeiro/a de camiños	<i>Persoal funcionario – escala administración especial – subescala técnica – clase técnica superior</i>	A1	1	<i>Concurso aberto a outras administracións</i>
Policía local	<i>Persoal funcionario – escala administración especial –</i>	C1	2	

C.I.F. P-1503100-H

C.I.F. P-1503100-H

	<i>subescala servizos especiais – clase policía local</i>			
<i>Oficial policía</i>	<i>Persoal funcionario - escala administración especial – subescala servizos especiais – clase policía local</i>	<i>C1</i>	<i>3</i>	<i>Promoción interna</i>
<i>Técnico/a de xestión</i>	<i>Persoal funcionario – Administración xeral</i>	<i>A2</i>	<i>4</i>	<i>Promoción interna</i>
<i>Administrativo/a</i>	<i>Persoal funcionario – Administración xeral</i>	<i>C1</i>	<i>18</i>	<i>Promoción interna</i>
<i>Auxiliar de administración</i>	<i>Persoal funcionario – Administración xeral</i>	<i>C2</i>	<i>10</i>	<i>Promoción interna</i>
<i>Asesor/a xurídico/a laboral</i>	<i>Persoal funcionario – Administración especial</i>	<i>A1</i>	<i>1</i>	<i>Funcionarización</i>
<i>Pedagogo/a servizos sociais básicos</i>	<i>Persoal funcionario – Administración especial</i>	<i>A1</i>	<i>1</i>	<i>Funcionarización</i>
<i>Auxiliar protección civil</i>	<i>Persoal funcionario – Administración especial</i>	<i>C2</i>	<i>1</i>	<i>Funcionarización</i>
<i>Auxiliar administración xeral</i>	<i>Persoal funcionario – Administración xeral</i>	<i>C2</i>	<i>2</i>	<i>Consolidación / Estabilización</i>
<i>Enxeñeiro/a técnico/a agrícola</i>	<i>Persoal funcionario – Administración especial</i>	<i>A2</i>	<i>1</i>	<i>Consolidación / Estabilización</i>
<i>Mediador/a social</i>	<i>Persoal funcionario – Administración especial</i>	<i>A2</i>	<i>1</i>	<i>Consolidación / Estabilización</i>
<i>Locutor/a</i>	<i>Persoal laboral fixo</i>	<i>III</i>	<i>1</i>	<i>Consolidación / Estabilización</i>
<i>Técnico son – locutor</i>	<i>Persoal laboral fixo</i>	<i>IV</i>	<i>1</i>	<i>Consolidación / Estabilización</i>

Debe dicir:

Denominación praza	Tipo de vínculo xurídico	Grupo	Número prazas ofertadas	Observacións
<i>Arquitecto/a</i>	<i>Persoal funcionario – escala administración especial – subescala técnica – clase técnica superior</i>	<i>A1</i>	<i>1</i>	
<i>Enxeñeiro/a de camiños</i>	<i>Persoal funcionario – escala administración especial – subescala técnica – clase técnica</i>	<i>A1</i>	<i>1</i>	<i>Concurso aberto a outras administracións</i>

C.I.F. P-1503100-H

	superior			
Policia local	Persoal funcionario – escala administración especial – subescala servizos especiais – clase policía local	C1	2	
Oficial policía	Persoal funcionario - escala administración especial – subescala servizos especiais – clase policía local	C1	3	Promoción interna
Técnico/a de xestión	Persoal funcionario – Administración xeral	A2	4	Promoción interna
Administrativo/a	Persoal funcionario – Administración xeral	C1	18	Promoción interna
Auxiliar de administración	Persoal funcionario – Administración xeral	C2	10	Promoción interna
Asesor/a xurídico/a laboral	Persoal funcionario – Administración especial	A1	1	Funcionarización
Pedagogo/a servizos sociais básicos	Persoal funcionario – Administración especial	A1	1	Funcionarización
Auxiliar protección civil	Persoal funcionario – Administración especial	C2	1	Funcionarización
Auxiliar de información	Persoal funcionario – Administración xeral	C2	2	Consolidación / Estabilización
Enxeñeiro/a técnico/a agrícola	Persoal funcionario – Administración especial	A2	1	Consolidación / Estabilización
Mediador/a social	Persoal funcionario – Administración especial	A2	1	Consolidación / Estabilización
Locutor/a	Persoal laboral fixo	III	1	Consolidación / Estabilización
Técnico son locutor	Persoal laboral fixo	IV	1	Consolidación / Estabilización

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do xefe do gabinete técnico conformada pola concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal en data 31 de maio de 2022 (código de documento UPO16I00ZU), resultando aprobada por unanimidade.

4.- DACIÓNS DE CONTA.

4.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Código do documento	Código do expediente
USG16I01Y7	USG/2022/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Z00 5C6K 160P 0W62 1C1Z	

Publicacións:

- Orde do 11 de maio de 2022, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a entidades locais para actuacións de adecuación das pistas multideporte nos centros de educación infantil e primaria e nos centros públicos integrados non universitarios, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento ED500A). DOG núm. 100 do 25-05-2022.
- Orde do 11 de maio de 2022, da Consellería de Política Social, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Voluntariado sénior e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento BS508C). DOG núm. 101 do 27-05-2022
- Orde do 12 de maio de 2022, da Consellería de Política Social, pola que se regulan as bases que rexerán a concesión das subvencións ás entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento BS320A). DOG núm. 101 do 27-05-2022.
- Resolución do 18 de maio de 2022, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 20 de abril de 2022 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). DOG núm. 105 do 02-06-2022.
- Anuncio do 19 de maio de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación definitiva do orzamento do exercicio 2022. BOP núm. 97 do 24-05-2022.
- Extracto da resolución número 2022/23903 do 18 de maio de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria da V edición dos Premios do Plan de Emprego Local (PEL-EPR PREMIO 2022). BOP núm. 98 do 25-05-2022.
- Anuncio do 23 de maio de 2022, do Concello de Culleredo, relativo ao nomeamento do presidente-suplente da comisión de valoración do proceso selectivo convocado para a cobertura en propiedade dunha praza de conserxe-colexio e á convocatoria para a realización do primeiro exercicio da oposición. BOP núm. 100 do 27-05-2022.
- Edito do 24 de maio de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á exposición pública do padrón do prezo público pola prestación de actividades socioeducativas do Centro Ocupacional Municipal A Escada do mes de outubro, novembro e decembro de 2021 e matrícula correspondente ao curso 2021-2022. BOP núm. 100 do 27-05-2022.
- Anuncio do 23 de maio de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á modificación da OPE do ano 2020. BOP núm. 100 do 27-05-2022.

C.I.F. P-1503100-H

4.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

4.2.1.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

"ACTIVIDADES CULTURAI

Código do documento	Código do expediente
USG16I01Y7	USG/2022/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Z00 5C6K 160P 0W62 1C1Z	

VENRES 3 DE XUÑO

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

Teatro do Noroeste: *Santa Cristina*.

Público adulto. Reserva de asentos na mesma semana da obra no teléfono 981665597.”

4.2.2.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución número CUL/RES/1017/2022 de data do 25/05/2022 pola que se inicia o expediente de execución subsidiaria para a tala e roza dos terreos situados na referencia catastral 15031A01300236, que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución número CUL/RES/1018/2022 de data do 25/05/2022 pola que se inicia o expediente de execución subsidiaria para a tala e roza dos terreos situados na referencia catastral 15031a03700057 que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución de data do 27/05/2022 pola que se expide a autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo marca SKODA OCTAVIA, matrícula 6848LWN de 5 prazas, número de identificación TMBJG7NX4NY066493, en substitución do vehículo matrícula 7305JTS, ao entender que cumpre todos os requisitos, á licenza de taxi número 12.”

4.2.3.- O Sr. Seijas González dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada de Xuventude, Voluntariado e Protección Civil:

“1.- CURSO DE MONITORES E MONITORAS DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

O servizo de xuventude inicio o curso de monitores e monitoras de actividades de tempo libre infantil e xuvenil homologado pola *Xunta de Galicia*, según o *Decreto 50/2000*, cunha duración de 350 horas (200 horas teórico-prácticas + 150 horas prácticas) o horario : sábados e domingos horario de 8:00 a 14:00 e de 15:30 a 20:30 h. O remate do da formación teórica esta prevista para 26 xuño 2022. As 150 horas restantes de prácticas poderán realizarse nos dous anos seguintes.

2.- CAMPAMENTOS URBANS CIPAX 2022

No mes de xullo o Concello de Culleredo, a través do cipax (centro de información e participación xuvenil) va levar a cabo os campamentos urbanos 2022 . Estes campamentos teñen dous temáticas diferentes en función dos intereses dos mozos e mozas do Concello, e como obxectivo educar en valores de respecto e convivencia a través das actividades de lecer e tempo libre.

As datas destes campamentos será do 4 ata 15 de xullo 2022, de luns a venres , agás festivos, cun horario de 9:00 a 14:00 h.

O período de pre- inscrición dende o 4 ata 12 de xuño 2022 .

• campamento deportes alternativos

Para mozos e mozas dende o 12 vos 14 anos Actividades: Mazaball, Colpbol, Floorball, Lacrosse, Prebéisbol

(softbol), Voleibol, Tiro con arco Archery attack, Orientering con mapa normas IOF no Parque de Acea dá Ama
Saidas praia, Aguapark

- **campamentos H20** Mozos e mozas dende os 14 ata os 18 anos. Actividades: surf, padel surf, kaiak, body board, salvamento acuático, orientación. saída Aguapark e acampada nocturna xoves 14 xullo 2022”

4.2.4.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“
***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Intensidade
1012	24/05/2022	Conceder a ***4212** o servizo municipal de axuda a domicilio.	Cinco horas á semana (agás festivos), a situación revisarase ao transcurrir seis meses.
1013	24/05/2022	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo de Xantar na casa formulado por ***7111** e declarar concluído o procedemento.	
1014	24/05/2022	Conceder a ***9391** o servizo municipal de axuda a domicilio.	Cinco horas á semana (agás festivos).

C.I.F. P-1503100-H

”
***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembro de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Vixencia
1015	25/05/2022	Conceder a ***9474** unha copia da tarxeta de estacionamento por extraviado por razón de discapacidade.	Desde o 29/04/2016 ata o 29/04/2026.
1016	25/05/2022	Conceder a ***9406** a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	10 anos
1031	26/05/2022	Conceder a ***1763** a renovación da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	10 anos

4.3.- DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 3 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 50/2021.

Código do documento	Código do expediente
USG16I01Y7	USG/2022/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Z00 5C6K 160P 0W62 1C1Z	

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da dilixencia de ordenación do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 3 da Coruña, Procedemento Abreviado 50/2021, que acorda:

“- Requerir a la administración demandada a través de su representación procesal, para que, en el plazo de **diez días**, proceda al abono de los intereses aprobados por decreto de fecha 24.03.22 o informe de las causas que lo hayan impedido e identifique con nombre, apellido y cargo al funcionario responsable, a fin de dar cuenta a SSª por si procede adoptar alguna de las medidas del art 112 LJCA.

MODO DE IMPUGNACIÓN:

Contra la presente resolución cabe interponer recurso de reposición, en el plazo de **CINCO DÍAS**, a contar desde el siguiente al de su notificación.”

4.4.- DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DO XULGADO DE 1ª INSTANCIA NÚM. 2 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 602/2020.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da dilixencia de ordenación, do 18 de maio de 2022, do Xulgado de 1ª Instancia núm. 2 de Santiago de Compostela, Procedemento Ordinario 602/2020, que di:

“Solicitada por la parte actora y la codemandada RETEVISION I SAU la terminación del presente proceso, al amparo de lo previsto en el artículo 22.1 de la L.E.C., se pone en conocimiento de otra codemandada, AYUNTAMIENTO DE CULLEREDO, la cual presentó en su momento allanamiento parcial a la demanda en lo que se refería a los puntos 1 y 2 del suplico, para que, en el plazo de **DIEZ DÍAS**, manifieste su acuerdo u oposición con lo interesado, entendiéndose que si no contesta en el plazo indicado muestra conformidad.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe interponer recurso de reposición, en el plazo de **cinco días**, desde el día siguiente al de su notificación (.../...)”

4.5.- SENTENZA 73/2022 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 178/2020.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 73/2022, do 19 de maio de 2022, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 da Coruña, Procedemento Abreviado 178/2020, en cuxo fallo di:

“Que debo desestimar y desestimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por la procuradora Dª María Natalia Teruel Sanjurjo, en nombre y representación de D. José Luis Ramallal Jiménez del Llano, actuando en su propio nombre y derecho y en beneficio de la Comunidad Hereditaria de la Familia Ramallal, contra la inactividad del Concello de Culleredo en relación con las obligaciones derivadas del convenio urbanístico suscrito con la Comunidad hereditaria familia Ramallal. Todo ello, sin imposición de costas.

Notifíquese esta sentencia a las partes haciéndoles saber que contra la misma cabe recurso de apelación en el plazo de quince días desde su notificación.

(.../...)”

4.6.- OFICIO DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 92/2022-M.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local do oficio, do 13 de maio de 2022, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 da Coruña, Procedemento Abreviado 92/2022-M no que solicita a remisión do expediente que motivou a interposición do recurso e sinala a vista para o día 5 de outubro de 2022 ás 11.20 horas.

Código do documento	Código do expediente
USG16I01Y7	USG/2022/90
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3Z00 5C6K 160P 0W62 1C1Z	

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretario accidental, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H